

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativada deputada Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **(10/PNC-003780) 46944** sobre a posta en marcha por parte do Goberno galego, durante o ano 2019, dun plan integral de formación dos empregados públicos autonómicos en materia de prevención e control da corrupción

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impartindo a través da EGAP unha formación completa para as empregadas e empregados públicos autonómicos, tanto en materia de prevención e control da corrupción coma en materias relacionadas coa transparencia, o bo goberno e a rendición de contas, así como a continuar programando accións específicas sobre esta temática en 2019, abertas a todas as empregadas e empregados públicos de Galicia na forma de xornadas e cursos monográficos".

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2019 13:32:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2019 13:34:39
Nº Rexistro: 49216
Data envío: 16/04/2019 13:34:39.760

María Isabel Novo Fariña na data 16/04/2019 13:32:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO2qDg6uYP1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Moisés Rodríguez Pérez ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **(10/PNC-003656) (45454)** sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa execución do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1. Cumprir antes do remate da actual lexislatura o dito PIX, executando todas as actuacións de nova construción ou gran reforma e todas as de rehabilitación e mantemento que contén aquel, na medida en que a evolución destes anos teñen amosadas como necesarias.
2. Que se rendan contas anualmente pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, das obras e investimentos realizados coa fin de que a información e o control da execución do PIX sexan precisos"

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Pedro Puy Fraga na data 16/04/2019 13:33:07

Moisés Rodríguez Pérez na data 16/04/2019 13:33:27

